



# Buenos Aires, capital da cultura galega



por Basilio Losada

Houbo un tempo en que Buenos Aires foi a capital cultural de Galicia. De Buenos Aires chegábanos os libros que eiquí, en Galicia, non deixaban editar, de aló chegaban, coma mesaxes de esperanza, as revistas —aquela maravilla que foi *Galicia Emigrante*, e *Galicia*, do Centro Galego de

Buenos Aires, sempre ben informada encol das cousas galegas gracias a o esforzo de Paco del Riego e de Xoan Naya— chegábanos as cartas que de tempo en tempo anunciaban a saída dun novo libro, un proxecto editorial, a actividade dun grupo como aquel, inesquecible, da Asociación de

Fillos de Galegos, con Pérez Prado, Elsa, Palmás e tantos outros. Pra os que viviamos baixo da dictadura, a chegada destas cartas, e máis a dos paquetes de libros, era unha festa do espírito. Vivíamos a través deles o contacto cunha vida cultural que en Galicia non podía agromar, ou agromaba chea de dificultades cos primeiros libros de Galaxia. Sería interesante facer hoxe, con tempo e vagar dabondo, a crónica do que foron aqueles anos. Parte desta historia podémola seguir polos libros de Seoane, nas follas de *Galicia Emigrante*, en *Comunicacións mesturadas*. Morreu Blanco-Amor sin escribir as memorias daqueles anos. Foron morrendo tras del tantos amigos. . . Valentín, Pita, Regueira, Daniel, D. Manuel Puente, Rodolfo Prada, Calzado. ¡Qué fermosa crónica podían ser as suas memorias, si nolas houberan deixado! A crónica dun esforzo eficaz e xeneroso. Poida que algún día decatémonos de que foron eles quen salvaron a Galicia. Coincidira un intre de esplendor económico na Arxentina, co asentamento dos vellos emigrantes e a chegada dos intelectuais levados pola maré da Guerra incivil: Castelao, Seoane, Cuadrado, Otero Espasandín, Dieste, Sánchez Guisande, Luis Tobío, Valenzuela, Núñez Búa. . . O Centro Gallego foi a institución que acobexou e potenciou o seu esforzo. Ramón Martínez López, nun tomo de *El Exilio Español de 1939* (Taurus, Madrid, 1976) sintetizou os logros de aquel intre, pero falta a crónica viva, anecdótica si se quer, daqueles anos en que os galegos emigrantes cobraron protagonismo na nosa historia e dictaron unha lección inesquecible de patriotismo e eficacia.

Lémbrome da impacencia con que agardábamos a chegada dos libros, azarosa sempre, e por camiños revirados —as veces reenviados dende Alemania ou Francia, como os primeiros exemplares de *Sempre en Galiza* que chegaron ás miñas mans, no 1950. Penso que foi no 1958 cando a revista *Insula*, de Madrid, publicou un número adicado ás letras galegas. Alí, aparte dun traballo de Fernández del Riego que é un índice minucioso —posiblemente exhaustivo— do que se publicara no exilio até aquela data, viña tamén, en follas de publicidade, o catálogo das publicacións do Centro Gallego de Buenos Aires —as inesquecibles Edicións Galicia— e as de Citania, que alentaba Seoane. Os tomiños encol da artesanía galega, das

nosas catedraes, das danzas, das romerías; a colección poética, con libros como *Advento*, de Manuel María e o *Pranto Matricial*, de Paz Andrade; as biografías de Curros, a de Carré e mais a de Vilanova, que logo nos ofrecería esa obra catedralicia que é *Los Gallegos en La Argentina*. Ou o catálogo de Citania, ca reedición de *A Fiesta Valdeira*, de Dieste (eu, que desconfiaba de que algún día se reeditara, copiara a man un exemplar que había na Biblioteca de Catalunya), e *A Esmorga*, ou os dous primeiros volumes da historia de Galicia de González López.

O que, visto desde hoxe, resulta máis emocionante, é pensar no esforzo de aquelas colectividades de emigrantes, xuntando cartos pra editar un libro de poemas, ou unha novela. ¡Qué inmenso amor e qué inmenso respecto pola cultura por parte de xentes que nada lle debían a Galicia, que muitas veces saíran do país cā máis escura formación, apenas cas letras da escola elemental! Pero aínda por riba destas grandes empresas editoras, ou de esforzos inxentes como o da *Historia de Galicia* de Otero Pedrayo, o que máis me emociona hoxe é aloumiñar nas mans os volumes modestísimos de editoras efímeras, que naceran ás veces pra editar un só libro, peso a peso arrecadadas con teimosía: As Burgas, Alén Mar, Anxel Casal, Alborada, ou, simplemente, sin rubro editorial, libros que son hoxe regalía de bibliófilos e serán mañá pezas de museo. A presenza de Castelao, de Seoane, de Dieste e de tantos outros exiliados políticos, movilizou o interese dos emigrantes, e a conseqüencia velahí está: libros fundamentaes pra cultura galega, e, por riba de todo, salvada a continuidade cultural, a presenza de Galicia no mundo. Un día haberá que lembrar esto, e poida que sexa agora o intre axeitado, cando a autonomía galega da os seus primeiros pasos. Penso que un deles debера ser o homenaxe da Xunta de Galicia a aqueles galegos exemplares —sufridos, duros, eficaces galegos da emigración, e os homes arrastrados pola ventoeira dramática da guerra. Unha Biblioteca con todo canto entón se publicou en América, ao achego das sociedades de emigrantes, e unha chanta de granito galego, que lembre que foron eles os que mantiveron pra nos a voz e a palabra, como dixo Salvador Espriu, o gran poeta catalán:

*Vivimos pra salvarvos as palabras,  
pra vos devoltar o nome de cada cousa.*